Sr. Rodríguez Carbia. Continúa dicindo que entre un recoñecemento e outro volven incorrer nas mesmas irregularidades que supoñen un incumprimento de principios básicos do dereito orzamentario e dos criterios que marcan a contratación administrativa. Que non ten nada que obxectar coas facturas que son do ano 2016 e, polos motivos que fora, entraron no ano 2017, aínda que se podería arbitrar outro tipo de solucións ou medidas sen necesidade de recurrir a un recoñecemento extraxudicial de crédito dende un punto de vista contable, e poderíase anular crédito sempre que o remanente de tesourería sexa positivo no exercizo de orixe e se incorporaría o crédito dun exercicio ao seguinte sen necesidade de facer este recoñecemento extraxudicial. Que este é unha figura que está contemplada e recollida dentro da xestión orzamentaria das diferentes administracións e tamén se podería financiar o gasto mediante unha modificación orzamentaria de diferente natureza. Que o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura que está aí e a empregan case a totalidade dos concellos. Que tamén fai fincapé nas facturas de gastos que foron executados sen consignación orzamentaria nos orzamentos, ben porque haxa un imprevisto no funcionamento dos servizos ou ben por unha falta de previsión e control orzamentario. Que deberían ser máis rigurosos en controlar a falla de previsión. Que hai outra serie de facturas onde se ve que hai un incremento de custos e tarifas nos diferentes servizos e non se poden pagar porque non existen crédito e outras facturas que son gastos que ten que asumir o Concello pendentos de que a administración autonómica faga o ingreso nas arcas municipais. Que hai gastos que se poden prever e hai outros que non e hai gastos neste recoñecemento que se imputan pola prestación de servizos de empresas ao Concello que se fai prioritario regularizar, que se consegue mediante unha nova licitación ou concesión contractual, porque esta situación se está a prolongar no tempo sen que se tomen as medidas axeitadas ao respecto. Fai unha serie de recomendacións ao equipo de goberno, como xa fixo en maio do 2016 cando foi a pleno o outro recoñecemento extraxudicial, e di que é prioritario a elaboración dun orzamento, dado que se está co prorrogado do 2014 que non está axeitado á realidade actual, e para elo o grupo independente está disposto a colaborar. Insiste que é necesario sacar a licitación os diferentes procesos que sexan necesarios e as contratacións irregulares que hai nestes momentos. Pide ao grupo de goberno que proceda a un cambio de sistema porque no tema da adxudicación poden aforrar moitos cartos que se poden destinar a outro tipo de actividades ou a outras cousas que son moi necesarias neste Concello e hai unha serie de facturas que se lle están pagando a diferentes provedores que se poderían realizar polos operarios municipais e habería que proceder a un control máis exhaustivo do gasto enerxético porque as facturas que aparecen nesa relación se disparan e ao mellor habería que estudar a posibilidade de contratar unha empresa que analice ese gasto. Que o gasto está feito e os provedores prestaron o seu servizo ao Concello de Padrón. Que é un problema de xestión que se pode solventar no sucesivo ou alomenos minorar o recoñecemento extraxudicial de crédito con estas recomendacións que non son difíciles de tomar.

Sr. Santaló Ríos. Di que é mais do mesmo. Que son gastos realizados e conformados e que haberá que pagar, pero no recoñecemento anterior votaron en contra porque a estrutura das facturas está retratando a xestión do goberno e non se deu ningún paso para reorganizar ou para darlle outro cauce e o teñen que recoñecer. Que están na mesma situación do ano pasado. Que antes había dúas empresas de limpeza e agora xa son catro e en canto a servizos sociais as facturas están aumentando de forma exponencial. Que no mantemento das instalacións eléctricas igual e as facturas son un galimatías e ve que lonxe de tomar algunha decisión ou algún



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

camiño que vaia a unha simplificación ou regularización vaise esparramando máis con máis facturas con situacións heteroxéneas e de difícil control aínda para o goberno porque non sabe como se pode controlar ese inxente número de facturas. Que isa é a preocupación dado que os servizos hai que pagalos porque senón daría lugar a reclamacións.

Sr. Alcalde. Di que como se falou na comisión informativa, aquí hai tres grupos de facturas: un grupo de facturas que se presentaron con consignación e non había posibilidade de aprobalas porque se presentaron posteriormente á última Xunta de Goberno do ano. Que de todas as facturas sen consignación hai 23 e de estas 14 facturas son de atención básica e se abonan ao 100% pola Xunta no primeiro trimestre polo que teñen que ir a recoñecemento extraxudicial; un segundo grupo de facturas que son do ano 2016 pero que entraron no 2017. Di que se están facendo cousas e están coa licitación dun proxecto de aforro enerxético e xa está feito o inventario dos puntos de luz e cadros de mando e teñen feito o prego de prescricións administrativas da gardería e están coas prescricións técnicas e con respecto á axuda a domicilio tamén teñen o prego de prescricións en borrador e que se vai traballando nos pregos e nas mocións. Que con respecto ás facturas o ideal sería telo todo pagado no ano 2016. Que hai catro facturas importantes de Espina e Delfín que son por non actualización das tarifas e ao mellor terán que sentarse e darlle unha volta ao tema da auga. Que sería mellor non ter reparos e non ter recoñecementos extraxudiciais e ter todo pagado.

Sr. Santaló Ríos. Contesta que entón se están abrindo diferentes frentes pero non se pecha ningún. Que desde o pleno déronlle preferencia a programas de licitación do mantemento do sistema eléctrico e esa debería ser a liña de actuación do goberno.

Sr. Alcalde. Contesta que en moitas ocasións hai cousas que se están facendo e se teñen que parar porque por exemplo agora mesmo non se pode estar cos pregos de licitación do alumeadado, e xa encargaron as técnicas a un estudo, porque secretaría ten que poñerse con pregos da Pascua.

Sr. Rodríguez Conde. En primeiro lugar disculpa a ausencia do seu compañeiro, o señor Guillán Iglesias, que por razóns familiares non pode estar hoxe aquí. Repite, como fixo noutros plenos nos que se levaron recoñecementos extraxudiciais de crédito, de que un mecanismo excepcional que o goberno trata como normal. Pídelo ao goberno, sobre todo ao señor Alcalde, que cambie o rumbo e a dirección que están levando e licite o mantemento do alumeadado público para que non teñan que vir facturas por importe só dun mes de 18.000 euros, que contrate cunha empresa ou coa Deputación para que leve o control do gasto da enerxía eléctrica. Que eles falaran cunha empresa que facía un proceso de redución da facturación eléctrica total ao ano nun 15% e tamén levaban a xestión da facturación. Tamén lle pide que leve a cabo un maior control e contención do gasto así como una maior conciencia temporal dos gastos e orzamentos que deban imputarse e di que isto acaba de sacalo do informe da intervención municipal, que leve uns orzamentos adaptados a día de hoxe, que se estude o contrato con Espina & Delfín, ofrecéndose a colaborar nelo. Que se van cumprindo todo isto eles votarán a favor, sabendo que os recoñecementos extraxudiciais de crédito se fan en todos os concellos pero este ten unha contía bastante elevada.

Sr. Alcalde. Sinala que, en canto ao que lle dicía do 15% do aforro da empresa, xa se ven facendo dende finais do ano pasado. Que lle enviará un correo electrónico co estudo e concretamente era por 24.000 euros.

Sra. Rey Pazos. Di que o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura que empregan tódolos concellos, pero é unha figura excepcional conducente a emendar actos que son nulos de pleno dereito, baixo a bandeira de evitar o enriquecemento inxusto por parte da administración pero que se está utilizando como un bálsamo que todo o cura, é dicir os gastos sen consignación orzamentaria ou derivados de negligencias varias de prórrogas de contratos non pactadas ou por non seguir os procedementos legalmente establecidos, con este recoñecemento convírtense nunha obrigación sá e polo tanto pode ser recoñecida. Que as facturas que hoxe se presentan padecen varias enfermidades, a primeira son facturas que incumpren co principio de anualidade orzamentaria porque se presentan despois de realizado o servizo e que son imputables aos propios provedores e nas que se encontran facturas de reparacións na iluminación pública, do servizo de atención á dependencia e de limpeza das diferentes instalacións que son obxecto de reparos suspensivos pola intervención municipal todos os meses por que se está a producir un fraccionamento do obxecto do contrato incumprindo os principios de concorrencia, publicidade e forma de adxudicación dos contratos, vulnerándose a Lei de contratos do sector

público. Que por outro lado están as facturas que recollen os gastos realizados sen consignación orzamentaria, que supoñen un 42% do total hoxe presentado. Recorda ao señor Alcalde que o artigo 28 da Lei de transparencia, acceso á información e bo goberno sinala que constitúe unha infracción moi grave os gastos realizados sen consignación orzamentaria. Que ela e todos os concelleiros, incluso a propia intervención, lle fan recomendacións positivas neste sentido e de como hai que solventar esta situación e o señor Alcalde di que xa aquilo e o outro pero a pregunta é que pasou nos 5 anos anteriores. Que é unha utilización sistemática desta figura e por unhas contías moi elevadas, máis elevadas que noutros concellos, e isto pon de manifesto unha falla de responsabilidade e de interese do goberno en xestionar os recursos de todos e de facelo dunha forma eficiente. Considera que non debe de ser cómplices do que entende que é culpa da inactividade e ineficacia do goberno e polo tanto non lle pode dar o seu apoio.

Sr. González Pardal. Quere saber si, con respecto ao ano pasado, a situación de alegalidade que dicía a señora secretaria e a situación de ilegalidade con respecto das facturas que dicían eles e se están pagando, cambiou algo, porque ve que a empresa que presta os servizos sociais no ano 2015 facturoulle ao Concello 120.000 € e no ano 2016 vaille facturar en total 154.000 € e si como din, non ten ningún contrato co Concello, é que se lle está dando o traballo a dedo.

Sr. Alcalde. Aclara que esa empresa xa viña realizando ese traballo. Que é verdade que se pode licitar, pero os importes veñen financiados ao 100% pola Xunta e si se incrementan as contías é porque se axuda a máis xente. Que de feito, el lle ten chamado para dicir que unha persoa necesita axuda, e ao día seguinte se lle foi a axudar. Insiste que se pode sacar a licitación pero isto non é o mais acuciante.

Sr. González Pardal. Volve preguntar se dende o ano pasado ata hoxe mudou algo a situación e se segue contratando a esta empresa cando hai máis empresas ás que se lle pode contratar. Que refire o mesmo no tema do alumado eléctrico que sempre está coa mesma empresa, no ano 2015 facturóuselle 132.000 € e no ano 2016 facturóuselle 144.037 € e neste recoñecemento váiselle facturar 18.000 € por riba. Que di o mesmo que os compañeiros, que levan dous anos e non ven cambio de ningún tipo e hai diferentes provedores do Concello que sempre son os mesmos. Que lle chama a atención os 88.500 € que se lle van pagar aos avogados e recorda que na comisión informativa se lles dixo que quedaba liquidado todo con ese avogado.

Sr. Alcalde. Contesta que en facturas presentadas está liquidado todo e a partir de agora pode quedar algún procedemento puntual aberto, pero dende que están eles no goberno vai todo aos avogados da Deputación. Que as anteriores facturas eran de traballos que xa estaban contratados e incluso algún ven do ano 2005.

Sr. González Pardal. Di que entón eses 88.500 € son de traballos atrasados que se lle debían a ese avogado e ao seu bufete. Engade que tamén lle chama a atención o tema de Espina & Delfín porque neste recoñecemento extraxudicial hai que abonarlle 60.552 € e recorda que na XGL do 28-12-2016 Espina & Delfín tenlle que devolver ao Concello de Padrón 88.000 por un cobro indebido.

Sr. Alcalde. Contesta que non se pode facer compensación. Que non recorda os datos, pero será polo 0,8 do canon de saneamento. Explica que o Concello paga o canon de saneamento e Espina & Delfín llo abona ao Concello e a parte que lle corresponde que non foi abonada se lle liquida nesa XGL a Espina & Delfín para que a abone.

Sr. González Pardal. Insiste no dito outras veces, que non se opón ao pago desas facturas pero se opón ao procedemento que se está utilizando para a contratación de servizos ao Concello de Padrón.

Sr. Forján Seoane. Di que non vai insistir porque practicamente todos están dicindo o mesmo. Que hai unha serie de facturas, sobre trinta e pico, que veñen a recoñecemento porque non había consignación orzamentaria e esas son as que lle preocupan como, por exemplo, a que pasa a Xunta de Galicia polo transporte metropolitano como resultado dun convenio que se aprobou no pleno e que non ten consignación orzamentaria e están no ano 2017 e seguen sen orzamentos, co prorrogado do ano 2014, e xa teñen a notificación de que ese transporte para o 2017 ascenderá a 15.786,97 €, polo que ou se fan transferencias limitando outras partidas ou para o ano 2018 terán outro recoñecemento para esta factura da Xunta de Galicia. Que outro tema é a liquidación que pasa Espina & Delfín porque non se actualizaron as tarifas e levan sen actualizarse máis de



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

dez anos, que son 65.000 € o 1º, 2º e 3º trimestre pero aínda falta o 4º trimestre que irá a outro recoñecemento extraxudicial no ano 2018, porque o goberno é incapaz de elaborar uns orzamentos. Que tamén faláron de contratacións ou de fraccionamentos de contratos, como pode ser o caso dos servizos Ulla-Sar que está facturando a 10 €/h e incluso a 13,5 €/h dependendo dos días que fan o servizo e habería que licitar non só o alumbrado eléctrico e outros, senón este tamén. Que estas facturas ás que se está a referir que son trinta e pico ascenden a uns 140.000 €. Pregunta que si do servizo de recollida de lixo que está en licitación está pagado o mes de decembro, porque non a ve nese extraxudicial.

Sr. Alcalde. Contesta que non sabe si está presentada e pregunta ao señor interventor.

Sr. Interventor accidental. Contesta que non sabería dicir pero senon está no extraxudicial é que non estaba presentada.

Sr. Forján Seoane. Comenta que cando van a pleno estes expediente de recoñecementos extraxudiciais nunca está a interventora titular e pregunta si é unha casualidade.

Sr. Alcalde. Di que son distintas interventoras. Que ten unha baixa médica e xa fai cincuenta días que non está.

Sr. Forján Seoane. Di que son conscientes de que as débedas hai que pagalas, pero non quere ser cómplice da xestión que o señor Alcalde está facendo e recoméndalle que se poña ao traballo e presente canto antes uns orzamentos.

Sra. Rey Pazos. Pide que se aclare o dito anteriormente de que o compañeiro o chamaba porque unha persoa necesitaba axuda, e pregunta que procedemento se segue porque ela entendía que eran os servizos sociais quen facían iso.

Sr. Alcalde. Contesta que é a asistente social, pero el como concelleiro ten dereito a pedir información sobre algo determinado. Que neste caso non foi por escrito e el deulle a información telefónicamente.

Sr. González Pardal. Por alusións, di que da mesma forma que lle chama para dicir que hai unha árbore caída ou porque hai un burato ou un bache ou unha farola. Que é o mesmo.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

**VOTOS EN CONTRA:** Tres (3), emitidos polo concelleiro do PGD, señor Rodríguez Conde, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos e polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

**ABSTENCIÓNS:** Catro (4), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbía.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 2 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

### **3.- APROBACIÓN DUNHAS NOVAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CAMPO DO SOUTO E DA ESCRAVITUDE E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 29 REGULADORA DA MESMA.**

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 7 de febreiro de 2017, que di:

**<<Antecedentes administrativos:**

Primeiro. O 30 de agosto de 2016 a nova concesionaria do Servizo Barbatana SL, solicita modificación de prezos en relación coa piscina do Campo do Souto.

Segundo. O 10 de outubro, considerando que a nova concesionaria do Servizo Barbatana SL, solicita modificación de prezos en relación coa piscina do Campo do Souto por cuxos servizos os usuarios teñen establecidas unhas tarifas e que deben ser aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal, o alcalde solicita un estudo de custos en relación coa nova proposta.

Terceiro. O 14 de outubro redáctase o estudo e o 18 de outubro remíteselle a concesionaria, respostando esta o 3 de novembro, dando por boas as conclusións do estudo.

Cuarto. Mediante providencia do Alcalde de 10/01/2017 solicítase que por parte desta Intervención se formule unha proposta de ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e de A Escravitude, adaptada a proposta de prezos solicitada pola licitadora Barbatana, sl, o 30 de agosto de 2016, para adaptalas a realidade do propio centro, as ofertas de servizos de centros semellantes máis próximos, tratando de ser o máis eficiente posible e competitiva reducindo a excesiva variabilidade de prezos existentes na vixente ordenanza fiscal que agora se pretende derogar, sendo formulada a proposta o 13/01/2017.

Quinto. En data 16/01/2017 emítese informe da intervención municipal de fiscalización da Ordenanza.

#### **Fundamentos de Dereito.**

**Primeiro.** Considerando que debe regularizarse a situación de prezos que se ven producindo en relación coa piscina do Campo do Souto, por cuxos servizos os usuarios satisfán unhas tarifas que non están acordes a realidade dos servizos que se prestan na mesma e tampouco están adaptados a realidade da oferta existente do entorno e se necesita da súa aprobación polo Pleno da Corporación Municipal.

**Segundo.** Considerando que respecto aos servizos que se prestan nas da piscinas municipais pódese e débese establecer e esixir unha taxa pola prestación dos servizos inherentes á mesma para dar cumprimento á lexislación que propugna o efectivo financiamento dos servizos públicos coa imposición de taxas e prezos públicos.

**Terceiro.** Considerando que os Concellos teñen recoñecida a potestade regulamentaria e a potestade tributaria e financeira ao amparo do disposto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e dos artigos 4.1a) e 4.1b) da Lei de Bases de Réxime Local.

**Cuarto.** En uso das facultades conferidas polo artigo 106.2 da Lei de Bases de Réxime Local e segundo o disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

#### **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.** Derrogar a ordenanza fiscal número 29, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e da Escravitude publicada no Boletín Oficial da Provincia Nº 73 de 21-04-2015.

**Segundo.** Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal número 29 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e de A Escravitude, segundo a proposta redactada pola intervención municipal e do seguinte tenor literal:


#### **“ORDENANZA FISCAL NÚMERO 29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CAMPO DO SOUTO E DE A ESCRAVITUDE**

**- ARTIGO 1. FUNDAMENTO E RÉXIME XURÍDICO**

**- ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

**- ARTIGO 3. DEVENGO**





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS

- ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

- ARTIGO 6. TARIFAS

- ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

- ARTIGO 8. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMÁIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

- DISPOSICIÓN DERROGATORIA

- DISPOSICIÓN FINAL

## ARTIGO 1. FUNDAMENTO E RÉXIME XURÍDICO

En uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello de Padrón establece a taxa pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e de A Escravitude, cuxa regulación se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 20 e seguintes do citado real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

## ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de servizos e a utilización das instalacións deportivas da piscina cuberta municipal do Campo do Souto e da piscina descuberta de A Escravitude.

## ARTIGO 3. DEVENGO

A taxa considerarase devengada, nacendo a obriga de contribuír, coa iniciación da prestación do servizo, que será no momento no que se formalice a correspondente matrícula, ou no momento no que se solicite a utilización das instalacións deportivas das piscinas municipais.

## ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos á presente taxa, e quen as utilice aínda sen obter a preceptiva autorización.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

## ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

A determinación da contía que hai que pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo seguinte.

## ARTIGO 6. TARIFAS

### PISCINA CUBERTA DO CAMPO DO SOUTO

#### PREZO

#### ENTRADAS UNITARIAS

piscina adulto 3,90 € uso

piscina infantil 2,60 € uso

ximnasio	3,90 € uso
completa (piscina + ximnasio)	5,00 € uso

#### **ABONADOS DE TEMPADA**

matricula abonados	25,00 €unico
individuais	25,50 €MES
familiares	35,50 €MES
reducido	20,00 €MES
maña	20,00 €MES

#### **CURSOS ABONADOS**

1/dia/semana	3,00 €MES
2/dias/semana	6,00 €MES
3/dias/semana	9,00 €MES

#### **CURSOS NON ABONADOS**

matricula	15,00 €
adultos 1/dia/semana	16,00 €mes
adultos 2/dias/semana	26,00 €mes
adultos 3/dias/semana	34,00 €mes
infantil 1/dia/semana	16,00 €mes
infantil 2/dias/semana	26,00 €mes
infantil 3/dias/semana	34,00 €mes
nenos 1/dia/semana	13,00 €mes
nenos 2/dias/semana	20,00 €mes
nenos 3/dias/semana	26,00 €mes
colexios infantil	11,00 €mes
colexios primaria	9,00 €mes

#### **OUTROS:**


cambio de modalidade de abonado	3,00 €
expedición de novo came por perda	5,00 €
suplemento abono familiar(18-24 anos)	10,00 €

#### **PISCINA DESCUBERTA DE A ESCRAVITUDE**

#### **ENTRADAS UNITARIAS**

#### **PREZO**

Adulto (a partir de 18 anos)



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

2,50 €

Rapaz (ata 14 anos)

1,00 €

Reducida (rapaces de 14 a 17 anos; xubilados e pensionistas)

2,00 €

## **BONOS DE 20 ENTRADAS**

### **PREZO**

Adulto (a partir de 18 anos)

30,00 €

Rapaz (ata 14 anos)

10,00 €

Reducida (rapaces de 14 a 17 anos; xubilados e pensionistas)

25,00 €

## **ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN**

### **A. DESCRICIÓN DAS TARIFAS**

#### **A.1. Descrición das tarifas da piscina cuberta do Campo do Souto:**

- Matrícula abonado: Abonarase ao comezo do uso da instalación. O seu obxecto é a realización dos trámites administrativos necesarios e aparelados a un alta na prestación do servizo. Esta cota abonarase a primeira vez que se inscriba na instalación ou actividade. A súa tarifa é fixa. En caso de baixa deberá pagarse de novo ao inscribirse. Permite o acceso a todos os servizos da intalación en todo o horario de apertura. Permite descontos nos cursos e actividades.

- Abonados: Son abonados, nos seus diferente tipos, segundo se especifica a continuación, aquelas persoas que abonan unha taxa mensual a cambio dun uso sen límite das instalacións do edificio da piscina municipal, e sempre dentro do horario de apertura das instalacións.

- Tipos de abonados:

- abonado individual: é a persoa física maior de 18 anos que accede á instalación

- abonado individual matinal: é a persoa física maior de 18 anos que accede á instalación en horario matinal de luns a venres

- abonado individual reducido: é a persoa física con discapacidade recoñecida de máis dun 33%, maiores de 65 anos e usuarios das actividades deportivas do Concello, que premanecen de alta no servizo. Enténdese por usuario con discapacidade aquel que presente unha discapacidade igual ou superior ao 33% segundo certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia.

- abonado familiar: enténdese incluído neste concepto de abonado familiar a calquera dos responsables dunha unidade familiar, o seu cónxuxe ou similar, e fillos e fillas menores de 18 anos. Descontos nos cursos e actividades para todos os integrantes do abono.

Suplemento Abono Familiar: Taxa a engadir para cada membro da unidade familiar entre 18-24 anos para seguir formando parte do abono familiar.

Cambio Modalidade Abonado: Taxa polo cambio dunha modalidade de abonado a outra.

Entrada Piscina adultos: aboarase no momento de acceder á instalación. Na piscina do Campo do Souto a entrada

diaria está limitada a 1,5 horas de uso da instalación, para persoas de 15 anos ou máis.

Entrada Piscina nenos: aboarase no momento de acceder á instalación. Na piscina do Campo do Souto a entrada diaria está limitada a 1,5 horas de uso da instalación, para persoas con menos de 15 anos.

Entrada a ximnasio: O acceso ao ximnasio a persoas maiores de 15 anos. A entrada diaria está limitada a 1,5 horas de uso da instalación.

Entrada Completa: Acceso a tódolos servizos de piscina, ximnasio e complementarios para persoas maiores de 15 anos.

- Cursos e actividades acuáticas: Son actividades de promoción específicas e á marxe do sistema de abonos, que poden estar participadas por abonados ou por cursillistas non abonados e están baixo a dirección dun/ha monitor/a.

Cursos adultos: Actividades dirixidas para aprendizaxe ou mantemento en auga ou seco, para maiores de 15 anos.

Cursos nenos: Actividades dirixidas para aprendizaxe ou mantemento en auga ou seco, para persoas de 7 a 14 anos.

Cursos infantil: Actividades dirixidas para aprendizaxe ou mantemento en auga ou seco, para persoas de 6 meses a 6 anos.

Cursos Abonados: Curso de calquera das características anteriores para beneficiarios dos diferentes sistemas de abonos ca mesma taxa independentemente da idade e actividade.

Colexios (Natación Escolar): Taxa reservada para os alumnos que participan na oferta Municipal de Actividades Acuáticas para Escolares 1 día á semana segundo o calendario escolar, que acudan en grupos formados por alumnos do mesmo centro.

## **A.2. Descrición das tarifas da piscina descuberta de A Escravitude:**

- Entrada unitaria: aboarase no momento de acceder á instalación. Na piscina descuberta de A Escravitude a entrada unitaria dá dereito ao disfrute das instalacións durante toda a xornada con independencia da hora de entrada.

- Bonos de 20 entradas: Establécese unha tarifa especial para os usuarios da instalación que desexen adquirir un abono para toda a tempada estival que lles dará dereito ao acceso á piscina descuberta de A Escravitude durante 20 xornadas completas. Os bonos non son intercambiables entre as distintas categorías senón que será preciso un abono específico para cada unha das tres categorías recollidas (adulto, rapaz e reducida). Abonarase no momento da súa adquisición. Os bonos caducarán aos tres meses da súa expedición.

## **B. INGRESO DAS TAXAS**

### **B.1. Piscina cuberta do Campo do Souto:**

- As liquidacións que se practiquen en concepto de taxa pola prestación de servizos e a utilización das instalacións da piscina cuberta do Campo do Souto poderán esixirse en réxime de autoliquidación facilitándose os impresos correspondentes pola empresa concesionaria da xestión da piscina municipal nas propias instalacións deportivas.

- Para as entrada unitarias, a taxa abonarase no momento de acceder á instalación.


- A cota de inscrición de abonados e a cota de mantemento do abono, así coma os distintos bonos (individuais e familiares) e os cursos de natación e actividades acuáticas, poderán ser pagados en calquera das contas bancarias que teña aberta a empresa concesionaria de xestión da piscina municipal, podendo establecerse o sistema de domiciliación bancaria.

- Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo e debidamente documentadas o servizo non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente, agás os períodos de peche obrigados.

### **B.2. Piscina descuberta de A Escravitude:**

- Para as entradas unitarias o pagamento da taxa efectuarase no momento de entrar no recinto da piscina descuberta de A Escravitude mediante autoliquidación.

- O bono expedirase na Tesourería Municipal previo depósito do importe da taxa correspondente e a mesma liquidarase polo procedemento de cuño municipal impreso mecanicamente no bono no momento de entrar no recinto da piscina descuberta



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

de A Escravitude con indicación da data de acceso.

## ARTIGO 8. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMÁIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

De conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

## ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente ordenanza fiscal número 29, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e da Escravitude derroga a ordenanza fiscal número 29, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e da Escravitude publicada no Boletín Oficial da Provincia Nº 73 de 21-04-2015.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza estará en vigor tras a preceptiva aprobación plenaria e exposición pública da mesma e será de aplicación de acordo co disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa."

**Terceiro.** Abrir un período de información pública e dar audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poidan examinar a ordenanza fiscal e presentar alegacións e suxestións ante o Pleno. A ordenanza fiscal considerarase definitivamente aprobada, sen necesidade de novo acordo plenario, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolvelas.

**Cuarto.** Unha vez aprobada definitivamente a ordenanza fiscal, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que despois de ver o expediente dende o inicio, dende que se solicitou pola empresa a revisión das taxas, despois de respostas da empresa na comisión informativa ás cuestións que tiñan, despois de inspeccionar os informes de intervención, despois de respostar o goberno ás cuestións que tamén tiñan e despois de comprobar que tendo en conta que o concesionario actúa ao seu risco e ventura como pon o informe de intervención e sen modificar a aportación económica do Concello á empresa, non van poñer ningún tipo de pegas á aprobación destas novas taxas. Menciona que na comisión informativa, en relación ao cobro as taxas a un certo sector, neste caso os nenos na piscina da Escravitude, adquiriron un compromiso por parte do señor Alcalde que se ían revisar e estudar entre todas as formacións para intentar modificar.

Sr. Alcalde. Di que concretamente en pleno falon de que ían presentar por escrito o que querían e se reunirían para valoralo.

Sra. Rey Pazos. Di que si a empresa considera que baixando as taxas vai ter máis usuarios non ten ningún inconveniente, pero hai que deixar claro que o risco e ventura é da empresa porque si despois de baixar estas taxas a empresa non ten os resultados esperados, o que non van facer, e espera que o goberno tampouco, é valorar o canon da concesión como se fixo coa concesionaria anterior. Que non se vai opoñer pero deixa constancia diso.

Sr. González Pardal. Comenta que tampouco se vai opoñer á baixada das taxas.

Sr. Forján Seoane. Di que a empresa explicou cales son os motivos da baixada e en caso de que non vaia ben sería a costa da empresa e si vai ben tamén.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Nove (9), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.


VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Dous (2), emitidos polo concelleiro do PGD, señor Rodríguez Conde e pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 19 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as once horas e nove minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde-Presidente



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Secretaria



Asdo. Ana María Ares Álvarez.